

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**2975** *Lei 3/2019, do 1 de marzo, de mellora da situación de orfandade das fillas e fillos de vítimas de violencia de xénero e outras formas de violencia contra a muller.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

Artigo primeiro.

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro:

Un. Modifícase a letra c) do número 1 do artigo 42, nos seguintes termos:

«c) As prestacións económicas nas situacións de incapacidade temporal; maternidade; paternidade; risco durante o embarazo; risco durante a lactación natural; coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave; incapacidade permanente contributiva e invalidez non contributiva; xubilación, nas súas modalidades contributiva e non contributiva; desemprego, nos seus niveis contributivo e asistencial; protección por cesamento de actividade; pensión de viuvez; prestación temporal de viuvez; pensión de orfandade; prestación de orfandade; pensión en favor de familiares; subsidio en favor de familiares; auxilio por defunción; indemnizacións en caso de morte por accidente de traballo ou enfermidade profesional, así como as que se outorguen nas continxencias e situacións especiais que regulamentariamente se determinen por real decreto, por proposta do titular do ministerio competente.»

Dous. Engádesse un novo número 3 ao artigo 216, coa seguinte redacción:

«3. Así mesmo, en caso de morte, terán dereito a unha prestación de orfandade as fillas e fillos da causante falecida como consecuencia de violencia contra a muller, nos termos en que sexa definida pola lei ou polos instrumentos internacionais ratificados por España, sempre que estean en circunstancias equiparables a unha orfandade absoluta, nos termos establecidos regulamentariamente, e non reúnan os requisitos necesarios para causar unha pensión de orfandade.»

Tres. Dáse nova redacción ao artigo 224, nos seguintes termos:

«Artigo 224. *Pensión de orfandade e prestación de orfandade.*

1. Terán dereito á pensión de orfandade, en réxime de igualdade, cada un dos fillos e fillas do causante ou da causante falecida, calquera que sexa a natureza da súa filiación, sempre que, no momento da morte, sexan menores de vinte e un anos ou estean incapacitados para o traballo e que o causante se encontrase en alta ou situación asimilada á de alta, ou fose pensionista nos termos do artigo 217.1.c).

Será de aplicación, así mesmo, ás pensións de orfandade o previsto no segundo parágrafo do artigo 219.1.

Terán dereito á prestación de orfandade, en réxime de igualdade, cada un dos fillos e fillas da causante falecida, calquera que sexa a natureza da súa filiación, cando o falecemento se producise por violencia contra a muller, nos termos en que sexa definida pola lei ou polos instrumentos internacionais ratificados por España, sempre que estean en circunstancias equiparables a unha orfandade absoluta e non reúnan os requisitos necesarios para causaren unha pensión de orfandade. A contía desta prestación será o 70 por cento da súa base reguladora, sempre que os rendementos da unidade familiar de convivencia, incluídas as persoas orfas, divididos polo número de membros que a compoñen, non superen en cómputo anual o 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente en cada momento, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

No suposto de que houbese máis dunha persoa beneficiaria desta prestación, o importe conxunto destas poderá situarse no 118 por cento da base reguladora, e nunca será inferior ao mínimo equivalente á pensión de viuvez con cargas familiares.

2. Poderá ser beneficiario da pensión de orfandade ou da prestación de orfandade, sempre que na data do falecemento do causante fose menor de vinte e cinco anos, o fillo do causante que non efectúe un traballo lucrativo por conta allea ou propia, ou cando, realizándoo, os ingresos que obteña resulten inferiores, en cómputo anual, á contía vixente para o salario mínimo interprofesional, tamén en cómputo anual.

Se o orfo estivese cursando estudos e fíxese os vinte e cinco anos durante o transcurso do curso escolar, a percepción da pensión e a prestación de orfandade manterase até o día primeiro do mes inmediatamente posterior ao de inicio do seguinte curso académico.

3. A pensión de orfandade e a prestación de orfandade aboaranse a quen teña ao seu cargo os beneficiarios segundo determinación regulamentaria.»

Catro. Dáse nova redacción á rúbrica e ao número 1 do artigo 225, nos seguintes termos:

«Artigo 225. *Compatibilidade da pensión e prestación de orfandade.*

1. Sen prexuízo do previsto no número 2 do artigo anterior, a pensión ou prestación de orfandade será compatible con calquera renda do traballo de quen sexa ou fose cónxuxe do causante, ou do propio orfo, así como, se for o caso, coa pensión de viuvez que aquel perciba.

Será de aplicación ás pensións de orfandade o previsto, respecto das pensións de viuvez, no segundo parágrafo do artigo 223.1, salvo que o falecemento se producise como consecuencia de violencia contra a muller, nos termos en que sexa definida pola lei ou polos instrumentos internacionais ratificados por España, caso en que será compatible co recoñecemento doutra pensión de orfandade en calquera dos réximes da Seguridade Social.»

Cinco. Engádesse un segundo parágrafo ao artigo 228, co seguinte contido:

«A prestación de orfandade calcularase aplicando a porcentaxe correspondente á base mínima de cotización de entre todas as existentes vixente no momento do feito causante.»

Seis. Engádesse un número 3 ao artigo 233, nos seguintes termos:

«3. As fillas e fillos que sexan titulares da pensión de orfandade causada pola vítima de violencia contra a muller, nos termos en que sexa definida pola lei ou polos instrumentos internacionais ratificados por España, terán dereito ao incremento previsto regulamentariamente para os casos de orfandade absoluta.

No suposto de que haxa máis dunha persoa beneficiaria desta pensión, o importe conxunto destas poderá situarse no 118 por cento da base reguladora, e nunca será inferior ao mínimo equivalente á pensión de viuvez con cargas familiares.

O incremento previsto regulamentariamente para os casos de orfandade absoluta alcanzará o 70 por cento da base reguladora, sempre que os rendementos da unidade familiar de convivencia, incluídas as persoas orfas, divididos polo número de membros que a compoñen, non superen en cómputo anual o 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente en cada momento, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.»

Artigo segundo. *Modificación do texto refundido da Lei de clases pasivas aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril.*

Engádense un número 9 ao artigo 42, nos seguintes termos:

«9. As fillas e fillos que sexan titulares da pensión de orfandade causada pola vítima de violencia contra a muller, nos termos en que sexa definida pola lei ou polos instrumentos internacionais ratificados por España, terán dereito ao incremento que se determine regulamentariamente para os casos de orfandade absoluta.

No suposto de que haxa máis dunha persoa beneficiaria desta pensión, o importe conxunto destas poderá situarse no 118 por cento da base reguladora.

O incremento que se determine regulamentariamente para os casos de orfandade absoluta alcanzará o 70 por cento da base reguladora, sempre que os rendementos da unidade familiar de convivencia, incluídas as persoas orfas, dividido polo número de membros que a compoñen, non superen en cómputo anual o 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente en cada momento, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.»

Disposición adicional primeira. *Financiamento.*

A prestación de orfandade será financiada con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

Disposición adicional segunda. *Estudo sobre outros supostos de orfandade absoluta.*

O Goberno, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, realizará un estudo coa finalidade de analizar e abordar de maneira adecuada outros supostos de orfandade absoluta que poidan non encontrarse suficientemente protexidos. O dito estudo incluírá propostas de idéntica cuantificación económica á resultante da presente lei.

Disposición transitoria.

1. Os efectos económicos do incremento da pensión de orfandade retrotraeranse á data de efectos do recoñecemento inicial da pensión de orfandade ou a favor de familiares.

2. A prestación de orfandade introducida pola presente lei recoñecerase cando o feito causante se produza con posterioridade á data de entrada en vigor desta.

Así mesmo, poderá recoñecerse aínda que o feito causante se producise nunha data anterior, se concorresen daquela os requisitos que condicionan o acceso á dita prestación e na data da solicitude se mantivesen aqueles de que depende a conservación do dereito.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación ao Goberno.*

O Goberno ditará as disposicións regulamentarias que resulten necesarias para o desenvolvemento da presente lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 1 de marzo de 2019.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN